

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 22 de xuño de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común convocadas pola Orde do 10 de decembro de 2008.

Mediante a Orde do 10 de decembro de 2008 establecéronse as bases reguladoras das axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común (*Diario Oficial de Galicia* nº 243, do 16 de decembro).

No artigo 16 da dita orde, relativo ao financiamento, detállase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para as dúas liñas de axudas que se financian nesta orde. Tendo en conta o elevado número de solicitudes de axuda que se recibiron e a necesidade dun maior financiamento, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente, coa finalidade de poder amparar as solicitudes de axuda presentadas, sempre que cumpran co establecido na orde desta consellería citada anteriormente.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Amplíase a dotación orzamentaria da aplicación orzamentaria 11.06.551B.770.0 que se recolle na orde desta consellería, do 10 de decembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* nº 243, do 16 de decembro), pola que se convocan axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, nun total de 627.331,20 euros, coa seguinte distribución:

Liña I: subvencións para a xestión da biomasa nos montes veciñais en man común, así como nas vías e camiños forestais incluídos neles se incrementa en 627.331,20 euros.

Segundo.-Tamén se poderán utilizar outros remanentes adicionais que puidesen existir na mesma aplicación. En todo caso, a concesión da axuda para a prevención e defensa contra incendios forestais en montes veciñais en man común estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarse ás disponibilidades orzamentarias.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na dita orde do 10 de decembro de 2008.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Resolución do 20 de maio de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no primeiro cuadrimestre do ano 2009.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), establece que as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuadrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración asinados no cuadrimestre anterior.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño concedidas,

RESOLVO:

Único.-Facer pública a relación dos convenios subscritos polo Fondo Galego de Garantía Agraria nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril do ano 2009, que se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2009.

José Álvarez Robledo
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

ANEXO**Convenios de colaboración subscritos nos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 2009**

Convenio	Data sinatura
Convenio de colaboración coa entidade <i>Xestión Agrogandeira e Natureza, S.L.</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación Profesional Xóvenes Agricultores</i>	19-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Agrupación de produtores/as de carne de alta montaña Arocam</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación de labregos/as de Valcarce</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación Labrega Terras de Ourense</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación Montes Baixos</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Taxo, S.C.G.</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Fagreco</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Agronovo Ecoloxía, S.L.</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación Sectorial Láctea Galega (Aselaga)</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación de Desenvolvemento Rural (Ódega)</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación Viñedos do Ribeiro</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación Profesional Gandeiros de Lugo</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Agroruris</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Rodríguez Silva, Isaac 002333050 P, S.L.N.E.</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Xesgal, Xestión Sustentable Galega</i>	13-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Enovid, S.C.</i>	19-2-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Unións Agrarias</i>	19-1-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Sindicato Labrego Galego</i>	19-1-2009
Convenio de colaboración coa entidade <i>Asociación de Gandeiros Agriña</i>	10-3-2009